# Atinxido un principio de acordo no conflito dos deportes

Unha mediación no Consello Galego de Relacións Laborais conseguiu que empresarios e sindicatos alcanzasen, o 8 de marzo, un principio de acordo na negociación do convenio de instalacións deportivas que pon fin á folga indefinida iniciada o 1 de febreiro.
08/3/10.
De seguido reproducimos as condicións pactadas que deberán plasmarse na redacción definitiva do convenio:

**1º Vixencia**: ata o 31 de Decembro de 2012.

**2º Xornada**: Reducir a 39 horas no ano 2010 e a 38 en 2012.

**3º Distribución irregular da xornada**: Eliminar a distribución irregular para os contratos inferiores a 30 horas semanais.

**4º Incapacidade temporal**: Abono do 85% a partir do cuarto día.

**5º Salario**: As táboas salariais quedan do seguinte xeito:
**2010**

| **Grupo** | **Nivel** | **Salario** | **Plus TTE** | **PPP Extra** | **Sal Anual** |
|---|---|---|---|---|---|
| Grupo 1 | - | 1.034,89 € | 35,00 € | 172,48 € | 14.908,46 € |
| Grupo 2 | 1 | 952,71 € | 35,00 € | 158,79 € | 13.757,94 € |
| | 2 | 925,31 € | 35,00 € | 154,22 € | 13.374,34 € |
| Grupo 3 | 1 | 843,13 € | 35,00 € | 140,52 € | 12.223,82 € |
| | 2 | 793,83 € | 35,00 € | 132,31 € | 11.533,62 € |
| Grupo 4 | 1 | 762,02 € | 35,00 € | 127,00 € | 11.088,28 € |
| | 2 | 762,02 € | 35,00 € | 127,00 € | 11.088,28 € |
| Grupo 5 | - | 762,02 € | 35,00 € | 127,00 € | 11.088,28 € |

**2011**

| **Grupo** | **Nivel** | **Salario** | **Plus TTE** | **PPP Extra** | **Sal Anual** |
|---|---|---|---|---|---|
| Grupo 1 | - | 1.083,62 € | 40,00 € | 180,60 € | 15.650,68 € |
| Grupo 2 | 1 | 1.001,44 € | 40,00 € | 166,91 € | 14.500,16 € |
| | 2 | 974,04 € | 40,00 € | 162,34 € | 14.116,56 € |
| Grupo 3 | 1 | 891,86 € | 40,00 € | 148,64 € | 12.966,04 € |
| | 2 | 842,56 € | 40,00 € | 140,43 € | 12.275,84 € |
| Grupo 4 | 1 | 810,75 € | 40,00 € | 135,13 € | 11.830,50 € |
| | 2 | 810,75 € | 40,00 € | 135,13 € | 11.830,50 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Grupo 5 | - | 810,75 € | 40,00 € | 135,13 € | 11.830,50 € |

**2012**

| **Grupo** | **Nivel** | **Salario** | **Plus TTE** | **PPP Extra** | **Sal Anual** |
|---|---|---|---|---|---|
| Grupo 1 | - | 1.132,34 € | 60,00 € | 188,72 € | 16.572,76 € |
| Grupo 2 | 1 | 1.050,16 € | 60,00 € | 175,03 € | 15.422,24 € |
| | 2 | 1.022,76 € | 60,00 € | 170,46 € | 15.038,64 € |
| Grupo 3 | 1 | 960,58 € | 60,00 € | 160,10 € | 14.168,12 € |
| | 2 | 911,28 € | 60,00 € | 151,88 € | 13.477,92 € |
| Grupo 4 | 1 | 879,47 € | 60,00 € | 146,58 € | 13.032,58 € |
| | 2 | 879,47 € | 60,00 € | 146,58 € | 13.032,58 € |
| Grupo 5 | - | 879,47 € | 60,00 € | 146,58 € | 13.032,58 € |

**6º Garantía “ad personam”:** As partes acordan que as premisas que regularán a definición da garantía “ad personam” na redacción definitiva do convenio colectivo se establecerán en torno a tres bloques independentes, concretamente en xornada, IT e condicións económicas, de acordo cos seguintes parámetros:

- Xornada: Recollidas as condicións novas establecidas no Convenio en xornada (vacacións, licenzas, permisos retribuídos, xornada anual, semanal, etc.) serán valoradas en cómputo anual e contrastadas coas que os traballadores e traballadoras tiveran con anterioridade a este convenio. Seranlles de aplicación as condicións máis beneficiosas no seu conxunto.
- Situacións de IT: Recollidas as condicións novas establecidas no Convenio en situación de IT por calquera causa, estas serán valoradas en cómputo anual e contrastadas coas que os traballadores e traballadoras tiveran con anterioridade a este convenio. Seranlles de aplicación as condicións máis beneficiosas no seu conxunto.
- Condicións económicas: Recollidas as condicións económicas novas establecidas no Convenio, estas serán valoradas en cómputo anual e contrastadas coas que os traballadores e traballadoras tiveran con anterioridade a este convenio. Seranlles de aplicación as condicións máis beneficiosas no seu conxunto. Non obstante aplicarase a mesma estrutura retributiva e confección de nómina. A todos os traballadores/as aplicaránselles as táboas deste convenio e as cantidades por riba das mesmas (calquera que sexa a súa natureza ou denominación), refundíndose nun único complemento cotizable denominado “ad personam”, de carácter compensable, absorbible e non revalorizable. Non obstante, garantiráselles, en todo caso, un incremento económico para cada un dos anos de vixencia do convenio colectivo equivalente a unha porcentaxe da suba anual pactada en convenio colectivo, que varía en función dos ingresos e categorías conforme ás seguinte táboa:

**TRAMOS GARANTIAS AD PERSONAM**

| | 1º TRAMO | | |
|---|---|---|---|
| | desde | até | |
| GRUPO 1 | 14.908,50 € | 16.820,50 € | 42,5% |
| GRUPO 2 | 13.757,98 € | 15.669,98 € | 42,5% |
| GRUPO 3.1 | 12.223,86 € | 14.135,86 € | 42,5% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| GRUPO 3.2 | 11.533,66 € | 13.445,66 € | 42,5% |
| GRUPO 4 e 5 | 11.088,32 € | 13.000,32 € | 42,5% |
| | | 2º TRAMO | |
| | desde | até | |
| GRUPO 1 | 16.820,50 € | 23.320,50 € | 40% |
| GRUPO 2 | 15.669,98 € | 22.169,98 € | 40% |
| GRUPO 3.1 | 14.135,86 € | 20.635,86 € | 40% |
| GRUPO 3.2 | 13.445,66 € | 19.945,66 € | 40% |
| GRUPO 4 e 5 | 13.000,32 € | 19.500,32 € | 40% |
| | | 3ºTRAMO | |
| | desde | % sobre o incremento do 7% | |
| GRUPO 1 | 23.320,50 € en adiante | | 20% |
| GRUPO 2 | 22.169,98 € en adiante | | 20% |
| GRUPO 3.1 | 20.635,86 € en adiante | | 20% |
| GRUPO 3.2 | 19.945,66 € en adiante | | 20% |
| GRUPO 4 e 5 | 19.500,32 € en adiante | | 20% |

7º **Suspensión da folga:** A parte sindical asume o compromiso de suspender a folga que se vén desenvolvendo desde o 1 de febreiro de 2010. Os traballadores deberán, na mañá do 9 de marzo, reincorporárense aos seus postos. No caso de que algún empregado/a non puidera ser avisado e, polo tanto non se incorporara á súa hora, non será sancionado.

**8º Reanudación da mesa negociadora:** Para poñer fin ao proceso negociador, a mesa de negociación celebrará unha xuntanza o martes 16 de marzo de 2010.

**9º** Non será sancionado ningún traballador/a polo exercicio legal do dereito da folga.

Todo o anteriormente recollido adquirirá validez definitiva no momento de sinatura do convenio colectivo.

| Adxunto | Tamaño |
|---|---|
| Acta da mediación [1] | 641.55 KB |

**Novas relacionadas:** Traballadores de deportes acampan indefinidamente na Coruña [2]
A patronal non acode a unha mediación e enquista aínda máis o conflito dos deportes [3]
Persoal de deportes é desaloxado pola policía da Dirección Xeral de Relacións Laborais [4]
O persoal de deportes decide proseguir coa folga [5]
A folga nos deportes será indefinida por mor do desplante empresarial [6]
O persoal de instalacións deportivas traslada ás rúas as súas demandas [7]
Os empresarios están dispostos a estudar a oferta sindical nas instalacións deportivas [8]
A terceira fase dos paros nas instalacións deportivas comeza o 16 de xaneiro [9]
A segunda fase da folga nos deportes logra pechar de novo as instalacións [10]
A irresponsabilidade da patronal de Deportes vai deixar sen servizo máis de 100.000 usuarios [11]
A folga nas instalacións deportivas estenderase máis días debido ao inmobilismo empresarial [12]
Amplo seguimento no primeiro día de folga nas instalacións deportivas [13]
O sector de instalacións deportivas acorda ir á folga os días 26, 28 e 30 de novembro [14]

Rompen as negociacións no convenio de instalacións deportivas [15]
Traballadores de instalacións deportivas están convocados a asembleas na Coruña e Pontevedra [16]

**Ligazóns:**
[1] http://www.cigservizos.org/sites/default/files/nova/2010/03/acta_da_mediaci_n_15923.pdf
[2] http://www.cigservizos.org/nova/2010.03.05/traballadores-de-deportes-acampan-indefinidamente-na-coruna
[3] http://www.cigservizos.org/nova/2010.02.23/patronal-non-acode-unha-mediacion-e-enquista-ainda-mais-o-conflito-dos-deportes
[4] http://www.cigservizos.org/nova/2010.02.21/persoal-de-deportes-e-desaloxado-pola-policia-da-direccion-xeral-de-relacions-labora
[5] http://www.cigservizos.org/nova/2010.02.06/o-persoal-de-deportes-decide-proseguir-coa-folga
[6] http://www.cigservizos.org/nova/2010.01.25/folga-nos-deportes-sera-indefinida-por-mor-do-desplante-empresarial
[7] http://www.cigservizos.org/nova/2010.01.18/o-persoal-de-instalacions-deportivas-traslada-ruas-suas-demandas
[8] http://www.cigservizos.org/nova/2010.01.15/os-empresarios-estan-dispostos-estudar-oferta-sindical-nas-instalacions-deportivas
[9] http://www.cigservizos.org/nova/2010.01.14/terceira-fase-dos-paros-nas-instalacions-deportivas-comeza-o-16-de-xaneiro
[10] http://www.cigservizos.org/nova/2009.12.23/segunda-fase-da-folga-nos-deportes-logra-pechar-de-novo-instalacions
[11] http://www.cigservizos.org/nova/2009.12.10/irresponsabilidade-da-patronal-de-deportes-vai-deixar-sen-servizo-mais-de-100000-usu
[12] http://www.cigservizos.org/nova/2009.12.04/folga-nas-instalacions-deportivas-estenderase-mais-dias-debido-ao-inmobilismo-empres
[13] http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.26/amplo-seguimento-no-primeiro-dia-de-folga-nas-instalacions-deportivas
[14] http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.18/o-sector-de-instalacions-deportivas-acorda-ir-folga-os-dias-26-28-e-30-de-novembro
[15] http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.06/rompen-negociacions-no-convenio-de-instalacions-deportivas
[16] http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.27/traballadores-de-instalacions-deportivas-estan-convocados-asembleas-na-coruna-e-pont